Guía Docente					
Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Xestión do Negocio Marítimo e Proxectos			Código	631510208
Titulación	Mestrado Universitario en Náutica e Transporte Marítimo				
Descriptores					
Ciclo	Período	Curso		Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro		Obrigatoria	6
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña				
Coordinación			Correo electrónico		
Profesorado			Correo electrónico		
Web					
Descrición xeral					
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Modifícanse tódalas metodoloxías para adaptalas o formato non presencial. *Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxistral, Estudo de casos, Traballos tutelados e Solución de problemas: mantéñense tódalas metodoloxías ca particularidade de que as horas presenciais de todas elas se impartiran de xeito non presencial, preferiblemente de forma síncrona a través da plataforma Teams, no horario establecido polo centro. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Teams: No horario normal de titorías para atender o alumnado mediante o servicio de chat ou videoconferencia. En caso de verse necesario, estas titorías faranse en grupos reducidos. Correo electrónico: O docente estará a disposición do alumnado a través do correo electrónico para resolver dúbidas e consultas sobre a materia. 4. Modificacións na avaliación Manteranse as mesmas metodoloxías de avaliación, cos seus porcentaxes correspondentes. *Observacións de avaliación: En caso de non superar a materia por curso, o exame final, consistente na resolución dun problema sobre fletamentos con cálculo de amortizacións, gastos e beneficios, e un de planificación de proxectos e custos asociados, realizarase de xeito non presencial a través de Teams e Moodle, se a situación o requirise. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán modificacións. En todo caso, reforzarase o material accesible dende Moodle.				

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A22	Capacidade para o negocio marítimo a nivel de xestión.
B2	Capacidade para resolver problemas de forma efectiva.
B3	Capacidade para aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Capacidade para traballar de forma efectiva nunha contorna de traballo.

B6	Capacidade de adaptación a novas situacións.
B7	Capacidade para uso das novas tecnoloxías TIC e de internet como medio de comunicación e como fonte de información.
B8	Capacidade para comunicar por escrito e oralmente os coñecementos precedentes da linguaxe e síntese.
B10	Capacidade para adquirir e aplicar coñecementos.
B11	Capacidade para organizar, planificar e resolver problemas relativos ao departamento de navegación
B12	CB6 -Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser originais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B13	CB7-Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplas (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B14	CB8-Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partires dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B15	CB9-Que os estudantes saiban comunicar as suas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sin ambigüidades
B16	CB10-Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en grande medida autodirixido ou autónomo.
C2	Capacidade para dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita nun idioma estranxeiro
C3	Capacidade para utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Capacidade para desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Capacidade para entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C7	Capacidade para asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida
C9	C9-Capacidade para posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
C10	C10-Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
C11	C11-Capacidade para integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Concienciar da importancia que as consideracións económicas teñen na xestión do buque e como as prácticas operacionales poden contribuír ao éxito económico dunha viaxe	AP22	BM2 BM3 BM5 BM6 BM7 BM8 BM10 BM11 BM12 BM13 BM14 BM15 BM16	CM2 CM3 CM4 CM5 CM7 CM9 CM10 CM11

Contidos	
Temas	Subtemas

1. A empresa Naviera	Axentes que interveñen no negocio marítimo. O Naviero Organización e administración da empresa naviera Características Organización da empresa naviera
2. Os custos na empresa	Concepto Estrutura e clasificación A conta de explotación Custos de explotación do buque: custos financeiros, operativos e de viaxe Métodos de determinación do rendemento.
5. Contratos de fletamentos	Pólizas de fletamentos. Tipoloxía Proformas de fletamentos Termos de embarque A plancha: concepto Duración e cómputo Documentos utilizados
3. A explotación do buque	Arrendamento a casco espido (Bareboat charter) Arrendamento buque armado (Charter by demise) Fletamento por tempo (Time Charter) Fletamento por viaxe (Voyage charter) Fletamento en réxime de coñecemento de embarque. Contrato de pasaxe Contrato de remolque Time Charter Trip Fletamento por viaxes consecutivas Tonnage Agreement (Contract of Affreightment)
4. O Flete	O Flete: Concepto Formación do Flete: Factores determinantes Formalización do Flete Tipos de Flete: Liñas Regulares, Tramp, Pasaxe, contedores, pasaxe. Worldscale
6. Uso do método CPM-PERT en proxectos	Método Pert: concepto, antecedentes e obxecto Aplicación O grafo Principios de representación. Conceptos operativos Cualificación de tempos Determinación do Camiño Crítico Cálculo da duración mínima dun proxecto e custo total mínimo asociado Cálculo do custo optimo dun proxecto Estimación de custos Etapas dun proxecto Asignación e nivelación de recursos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais

Sesión maxistral	A22 B2 B3 B10 B14 C2 C3 C4	15	15	30
Estudo de casos	B5 C10 C11	10	20	30
Traballos tutelados	B6 B7 B8 B11 C7 C9	15	30	45
Solución de problemas	B12 B13 B15 B16 C5	10	20	30
Atención personalizada		15	0	15
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición en clase dos temas correspondentes ao contido da materia
Estudo de casos	Analizar casos concretos cálculos de custos, planificación de viaxes e desenvolvemento de proxectos
Traballos tutelados	Realizar o estudo dun proxecto hipotético: trazado do grafo e cálculo de duración e custo optimo. Desenvolver o estudo dun hipotético contrato de fletamento e o seu rendemento económico.
Solución de problemas	Realizar cálculos de amortizacións (financeiras e contables), consumos, gastos de viaxe e de explotación dunha compañía naviera.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas Estudo de casos Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	**Cualificación**
Solución de problemas	B12 B13 B15 B16 C5	Todos os problemas resoltos polo alumno entregaranse nas datas asignadas para iso.	30
Estudo de casos	B5 C10 C11	As conclusións derivadas dos casos de estudo serán presentas por escrito por parte dos alumnos nas datas asignadas.	20
Traballos tutelados	B6 B7 B8 B11 C7 C9	Os traballos tutelados serán entregados polos alumnos antes da data sinalada ao efecto.	50

Observacións avaliación
A entrega e presentación de traballos, casos e problemas realizarase preferentemente utilizando a páxina da materia na plataforma Moodle. En caso de non alcanzar o aprobado durante o curso, poderase realizar un exame final consistente na resolución dun problema sobre fletamentos con cálculo de amortizacións, gastos e beneficios e un de planificación de proxectos e custos asociados.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Branch Alan E. (2001). Elements of shipping. Cheltenham. UK Nelson Thornes Ltd. - Branch Alan E. (1998). Maritime Economics ? Management and Marketing. . Cheltenham U.K. Stanley Thornes (Publishers) Ltd. - Mc Conville, James (1999). Economics of Maritime Transport ? Theory and Practice.. London U.K. Whiterby & Co. Ltd. - Stopford, Martin (2004). Meritime Economics. London, UK. Routledge - Hernández Isal, S. (1986). El flete en el transporte marítimo. Barcelona, J.M. Bosch Editor - Ruiz Soroa, J.M. (1982). Fletamento de viajes consecutivos , por viaje redondo y " tonnage agrement". Vitoria. Gobierno Vasco - Bes, J. (1975). Fletamentos y términos de embarque. Madrid, Oficema - BIMCO-BALTIC and International Maritime Conference (2004). Forms of aproved documents. Copenhaguen. BIMCO - Arroyo, I. (2001). La Hipoteca Naval. Barcelona, J.M. Bosch - Castañeda, J. (1982). Lecciones de teoría económica. Madrid. Aguilar - Blanco Álvarez, A. (1997). Los Transportes Maritimos de Linea Regular. Valencia. IPEC - Fasbender, Karl and Wolfgang Wagner (1973). Shipping conferences, rate policy and developing countries. The argument of rate discrimination.,. Hamburg. Verlag Weltarchiv - Bolaño-Rivadeneira,Javier Pinacho (1978). Tráfico Marítimo. Fondo Editorial de Ingeniería Naval. - Laurence, C.A. (1984). Vessel operating economies. Londo, Fairplay - Todd, Paul (1986). Modern Bills of Lading. London. Collins - Sloggett, J.E. (1984). Shipping Finance. London. Fairplay - Ruiz Soroa, Zabaleta, González (1986). Manual de derecho del transporte marítimo. Bilbao. Escuela de Administración Marítima - Ruiz Soroa, J.M. (1990). El buque, el naviero, personal auxiliar. Bilbao. IVAP - Downard, John M. (1984). Managing ships. London. Fairplay - Hernández Orozco, carlos (1996). Anáqlisis administrativo. Técnicas y Métodos. San José, Costa Rica. U. Estatal a Distancia - Vértice Publicaciones (2008). Gestión de Proyectos. Málaga. Vértice
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías